

A HERBA ERRANTE

[Ukigusa, Yasujiro Ozu, 1959
Xapón, 119 min., VOSE]

Lingua **Xaponés**

Dirección **Yasujiro Ozu**

Guión **Yasujiro Ozu, Kogo Noda**

Fotografía **Kazuo Miyagawa**

Montaxe **Toyo Suzuki**

Son **Takeo Suda**

Música **Takanobu Saitô**

Elenco **Ganjirô Nakamura, Machiko Kyô, Haruko Sugimura, Ayako Wakao, Hiroshi Kawaguchi, Hitomi Nozoe, Chishû Ryû, Kôji Mitsui**

Produción **Daiei Studios (Xapón)**

Distribución **Penteo Filmes**

Unha compañía de teatro itinerante chega a unha cidade costeira do sur de Xapón. O seu propietario e actor principal, Komajuro, visita a súa antiga amante, Oyoshi, que rexenta un pequeno restaurante na poboación, e o seu fillo ilexítimo, Kiyoshi, que traballa na oficina de correos coa idea de aforrar para os seus estudos universitarios. Kiyoshi cre que Komajuro é o seu tío e á actual moza de Komajuro, a actriz principal da compañía, non lle fai ningunha graza o seu encontro con Oyoshi.

FEBREIRO

Martes 18 **NON AGARDES DEMASIADO**

DA FIN DO MUNDO

(Radu Jude, 2023)

Romanía, 163 min., VOSE)

Martes 25 **O BAÑO DO DIABO**

(Veronika Franz e Severin Fiala, 2024)

Austria, 121 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](https://www.facebook.com/cineclubepontevedra)



[CineclubPo](https://twitter.com/CineclubPo)

Coa colaboración de:



Concello
de Pontevedra



FEDERACIÓN DE
CINECLUBES
DE GALICIA



FILMOTECA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



A HERBA ERRANTE

YASUJIRO OZU

CINECLUBE PONTEVEDRA

A HERBA ERRANTE YASUJIRO OZU

Unha das seis sublimes obras mestras en cor que Yasujiro Ozu produciu na etapa final da súa carreira, a segunda filmación do director do seu propio éxito de 1934, *Historia dunha herba errante*, representa a madurez do seu estilo. Aproveitando todo o potencial expresivo da cor, o son, a música e o seu exquisito sentido compositivo, Ozu achega novas profundidades de sentimento agri doce —matizado coa nostálgica melancolía dun artista no ocaso da súa vida— e un novo aire de amplitude a unha historia de resonancia perdurable.

Criterion Collection

«Herbas flotantes, á deriva polo tranquilo río das nosas vidas» foi durante moito tempo a metáfora favorita da prosa e poesía xaponesa. Esta planta, o *ukigusa* (lentella de auga), que aboia sen rumbo e é levada por correntes máis fortes, considérase un símbolo do noso propio camiño. E, ás veces, esta identidade faise explícita, como nas vidas dos actores itinerantes, por exemplo.

Donald Richie

A Daiei convidárame a rodar unha película xa nos tempos nos que estaba Mizoguchi. Despois pedíronmo repetidamente: as peticións chegaban mesmo de Nagata, o presidente da Daiei. Mais eu tiña un contrato coa Shochiku para facer un filme ao ano. Normalmente, ese filme ocupábame todo o ano. Precisamente aquel ano, porén, rematara *Bos días* antes do previsto, e quedábame o tempo xusto para facer unha película para a Daiei. Así que aceptei: así podía cumprir aquela antiga promesa miña.

Na época do cinema mudo eu xa rodara unha fita con esta mesma historia. Mais quería facer outra, coa Shochiku, ambientada nas neves de Hokuriku e cun guión titulado *Daikon yakusha* [*Actores de mala morte*]. Aquel ano, porén, non había neve abonda, e nin sequera indo ata Takata ou ata Sado quedaban ben as tomas. Así que suspendín por un tempo o proxecto e reescribín o guión de arriba a abaixo, cambiando a estación e a ambientación. E rodeina coa Daiei.

O tema era o que chamamos *mono no aware*: unha historia doutros tempos, a época era a actual mais cun sabor un pouco anticuado da era Meiji. Haberá quen diga que daquela tería sido mellor contar directamente unha historia do período Meiji, mais tampouco facía falla. Se se fai unha película ambientada noutra época, a investigación histórica necesaria para documentarse pode resultar bastante

laboriosa. Digamos que ao final o que fixen foi revivir unha historia doutro tempo para adaptala ao noso. O operador Kazuo Miyagawa axudoume moitísimo, e tamén eu acabei por entender como se traballa coa cor. A cuestión é que segundo o tipo de cor hai que utilizar unha intensidade distinta na iluminación. As cores que percibimos co ollo, na realidade, son distintas das que vemos nunha película. Por iso cando se quere crear un contraste entre dúas cores, se se utiliza unha luz coa mesma intensidade, unha delas queda máis apagada. Hai que deixar a outra na sombra, dalgunha maneira, para suavizar o ton. Foi cando aprendín este tipo de cousas.

Ademais, o cinemascope estase estendendo cada vez máis. Non teño ningunha intención de facer películas para pantallas de grandes dimensións, mais empecei, intencionadamente, a cambiar un pouco a técnica de filmación. Digo que a estou a modificar, non que a vaia cambiar drasticamente. Fago cambios paulatinos, sen que a xente os perciba. Por exemplo, os primeiros planos aumentaron e as tomas son máis breves. Creio que de entre os filmes xaponeses, os últimos que eu rodei son os que teñen o maior número de tomas.

La poética de lo cotidiano. Escritos sobre cine, Yasujiro Ozu, Ed. Gallo Nero, 2017.

Creo que fundamentalmente hai que entender *Ukigusa* como un filme no que se ofrece unha viaxe de autorrecoñecemento por parte do personaxe principal da película —estamos a referirnos a Komajuro, por máis que a obra teña un certo carácter coral—. Esa sensación de retorno a un pasado, de saldar unha conta coa súa propia conciencia, ten o seu referente máis evidente nese regreso cara á que foi a súa principal amante e coa que tivo o seu único fillo. Pero é a partir desa situación, que terá unha gran importancia no conxunto do filme, da que xurdirá ese conxunto de digresións que conformarán unha obra densa, suxestiva, de gran serenidade e riqueza visual —como, por outra banda, é habitual no cine de Ozu—, e na que as tonalidades da súa gama cromática irán evolucionando desde a claridade e alegría iniciais cara a unha progresiva escuridade e tonalidades máis tenues, ata concluír nas súas pasaxes finais cun retorno ás claridades —esa imaxe diúrna coa que remata, unha vez que Komajuro e Sumiko viaxan de novo xuntos na procura dun futuro—, volvendo a ese ton aparentemente optimista que abandonara na súa segunda metade.

thecinema.blogia.com

Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.